

A performance é sempre e en todo caso creación dun espazo político [...] un lugar de reivindicación política e estética¹

Hai unha opinión máis ou menos consensuada de que a performance ou o performático estivo sempre presente na vida diaria de todos nós; unha especie de repeticións ritualizadas da norma. Moitos autores como Joan Rivère ou Judith Butler² relacionan estas normas sociais coa «mascarada» de xénero, co subconsciente ou o absurdo, pero o apaixonante da performance é de que xeito estas accións entran na esfera do artístico da man dun ansiado desexo de cambio, como unha **estratexia política realmente eficaz**.

É esta forma de entender o performático, como unha serie de normas ou estándares tipificados de comportamento confrontados, o que nos levou desde LIBA a realizar o proxecto *40 minutos*.

LIBA propón cuestionar determinados comportamentos cotiáns —esas accións seriadas, ritualizadas e normativizadas— xogando coa descontextualización destas accións no espazo. Que ocorre nese espazo público consensuado cando xorden pequenos pactos agochados entre os seus actores sociais? Que acontece se unha masa de xente se agrupa inesperadamente e berra «gol!»? Xurdiría unha zona temporalmente autónoma no sentido máis *beyano* da palabra? Integraríase esta no tecido social...?

O proxecto presentado nesta ocasión «incide no humorístico, accións que poñen en valor sucesos cotiáns, aparentemente triviais, que ridiculizan as regras racionalistas [...]» (Juan Vicente Aliaga³), xa que a arte de acción, entendida como un espazo de creación libre que vai desde a arte de protesta a prácticas performativas de contido, raiando no absurdo, está cada vez máis diluída na esfera institucional. «Estamos ante unha rendición ou claudicación do compoñente máis subversivo e transgresor desa acción viva, corporal, física e imprescindible para a performance?»⁴ Desde LIBA cremos rotundamente que non. O espazo onde se realiza a acción —no noso caso, o espazo público— evidentemente vai condicional e influíla, pero non por iso ten que perder ese carácter de verdade, de loita política e poética e de relación tempo-espazo-corpo.

Atávica/determinante/explicativa/especificativa/actualizadora/redentora/interrogativa

¹Preciado, B.: «Género y performance», *Zehar*, 54 (La repolitización del espacio sexual), 2004, 24.

²Butler, J.: *Deshacer el género*, Barcelona: Paidós Studio, 2006.

³Aliaga, J. V.: «Performance ¿Subversiva ou domesticada?», *El Cultural*, 6/11/2009, 26-27.

⁴Op. cit.